

Celga



2



PARTE 1 (Texto escrito)/(Texto oral)

A continuación, lea vostede o seguinte artigo sobre a volta ao rural. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

“Volver á aldea”

Laura Pardeiro Álvarez escribe sobre a realidade rural en *Leiras e Marcos*



A contorna da aldea de Filloval (Os Ancares) conta cunha web, *Leiras e Marcos*, que nos fala do día a día no rural. Detrás deste proxecto atópase Laura, unha psicóloga de 25 anos que traballa en Lugo con persoas con discapacidade.

Que a levou a retratar a realidade en *Leiras e Marcos*?

Cando fun a Madrid facer o mestrado, decidín retornar aos Ancares. Aquel verán, naceu *Leiras e Marcos*. O meu irmán chámase Marcos e eu quería facerlle un agasallo de aniversario. Vía tantas cousas bonitas aquí que decidín reunilas nunha revista para que el, que é máis pequeno ca min, non sentise a necesidade de emigrar. Quería pór en valor a zona. Cando lla dei, foi el quen me dixo: "Tes que publicar isto".

Ultimamente fálase moito do rural como un modo de vida en desaparición. Que opina sobre isto?

Só aquí podes ver como se poñen en valor os costumes, a tradición, o modo de vida, o comercio... De feito, hai quen se anima a abrir un negocio na aldea.

Eu estiven traballando nun proxecto contra o despoboamento das zonas rurais de Lugo. Nun congreso ao que asistín falábase moito de como repoboar a España baleirada. Hai persoas que volven habitar as aldeas, en Galicia e en moitos lugares de Europa. É unha tranquilidade moi grande ver que hai xente que volve conectar outra vez con este modo de vida.

Por que decidiu usar unha lingua tan apegada á fala?

Para min ten un gran sentido que a xente se recoñeza nos escritos. Eu sei que unha das mellores formas de chegar ás persoas é a través da linguaxe. Se eu falo coma ti, é máis doado que entendas o que penso. Por outro lado, vexo a lingua como parte da riqueza de Galiza por todas as variedades dialectais que temos. Negábame a que o noso se perdese.

Percibe boa acollida por parte da xente da súa contorna?

O certo é que si e creo que é porque publico conversas como por exemplo co panadeiro ou cunha nena que vai recoller o gando coa avoa. É moi estraño que che falen diso, é como se non valorasen moito á súa forma de vida. Eu que case marchó, vexo riqueza en todo o que hai, por iso me resulta moi divertido que me digan que lles gusta. Ao estar en Internet, pode acceder xente de aquí emigrada que leva moitos anos fóra e outra moi variada e así non se perde o contacto co rural.

Irene Pin / Nós Diario

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL

1-2 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.

- Como se chama?
 - A que se dedica?
 - De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...
 - Canto tempo leva estudando galego?
 - Por que o estuda?
 - Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?
- (Se procede)
- Que lle gusta máis da cultura galega?
 - Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?

2. RESUMO

2 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:

Faga un resumo do contido do artgo.

- Como se creou a páxina web *Leiras e Marcos* e por que se chama así?
- Por que decidiu regresar ao rural a protagonista do artigo?
- Que conta Laura sobre a vida no rural?
- Que opina a protagonista sobre a lingua galega
- A iniciativa de Laura ten boa acollida entre a xente da contorna? Por que?

3. RELATO

3 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora: nesta parte a persoa candidata debe relatar unha anécdota ou unha historia. A persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas e diralle á persoa candidata que faga un relato. Se non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá á persoa candidata (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.

A.- Conte o caso dalgunha aldea que vostede coñeza que quedou case sen xente.

B.- Conte algunha anécdota sobre como se vivía antes nas aldeas

C.- Relate unha anécdota de alguén que abrise un negocio no rural.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da

OPCIÓN A

Conte.....

- Por que cre vostede que as aldeas teñen cada vez menos xente?
- Pensa que a xente do rural está contenta de vivir alí?
- Por que cre que moita xente nova non quere vivir nas aldeas?
- Pensa que se pode poñer de moda volver para as aldeas? Por que?
- Cal sería a solución para que viva máis xente no rural?
- Por que algunha xente maior pensa que antes se vivía mellor ca agora?

(Se procede)

- No seu lugar de orixe abandónanse tamén as aldeas?

OPCIÓN B

Relate.....

- Pensa que cambiou moito o modo de vida na aldea con respecto a hai uns anos?
- Onde lle gustaría vivir, na aldea ou na cidade? Por que?
- Unha persoa acostumada a vivir na cidade podería adaptarse facilmente no rural? E ao revés?
- Pensa que é recomendable hoxe en día volver á aldea?
- Considera que nas aldeas hai bos servizos públicos como poden ser a luz, auga, gas ?
- O rural está ben conectado coas cidades con boas estradas? Hai suficientes medios de transporte (autobús, tren...)?
- Como se pode dar a coñecer o que se fai nas aldeas?

(Se procede)

- Como se vive nas aldeas con respecto ao seu lugar de orixe ?

OPCIÓN C

Conte.....

- Que tipo de negocios pensa vostede que poden ter éxito no rural? Por que?
- Que actividades de formación cre que se deberían ofrecer para que a xente se anime a montar o seu negocio no rural ? Por que?
- Que tipo de axudas serían necesarias para fixar a poboación nova nas aldeas?
- Pensa que traballar dende a casa a través de Internet axudaría a fixar poboación nas aldeas?
- Ter boas comunicacións e Internet son fundamentais para formarse ou montar un negocio? Cre que aínda hai problemas ou xa están superados?
- Que actividades de tempo libre se poderían ofrecer nas aldeas para montar algún negocio

(Se procede)

- Que negocios teñen máis éxito no seu lugar de orixe?

